

# Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº100B/ Ano: 2025 / 2º xornal Mes de xaneiro/ Estado de preparación do entroido

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



Foto Zagala

Conservemos o noso Patrimonio Arquitectónico e Cultural. Alfolí de Pontevedra e Faro de Ons. Páx. 1



O libro sobre o Faro de Sálvora, a carón da parte persoal e anécdotas do fareiro Julio Vilches que o escribiu, danos unha idea da situación do seu interior. Páx. 2

O “Pandullo” un interesante aparello de pesca que, como todo o relacionado coa cultura popular de Ons debería ser estudado. Páx. 3



No Grove deixounos un dos grandes bailaríns que deu a terra meca. A agrupación os Firrás despediuno no camposanto con música, tal como era o seu desexo. Páx. 2



O “Fermosismo”, axudas que dá a Xunta para arranxar, aquilo que fai mal ou que non inspecciona. Un caso en Ons. Páx. 4



**ENTROIDO EN ONS**  
Dopazo Entenza, investigador etnográfico sobre a cultura de Ons, reivindica o Entroido Auniense. Proxecto para celebralo. Páx. 6



O documental “A última dorna de Ons” proxectarase no Museo do Pobo Galego o 25 do mes de xaneiro. Cesáreo é o seu principal protagonista. Páx. 5

**Faro de Ons**  
Nova alternativa de futuro ás xa expostas, como Espazo Cultural. Páx. 7



**Por un Parque Activo**  
Interesantes actividades durante o Nadal. Importante, programar a tempada inverno-primavera. Necesidade dun Dinamizador cultural. Páx. 5

## ONSTOPUS CUMPLE 100 NÚMEROS

Xa pasaron uns anos dende que a principios do mes de abril do ano 2020, en plena pandemia, decido levar a cabo aquela idea que os asiduos do verán de Ons, e que formabamos aquel Grupo de Acción chamado Amigos da Illa de Ons, pasabamos bos ratos recordando anécdotas da Illa e charlando sobre as novas que estaban a ocorrer, e falamos de facer un pequeno xornal onde contalas, a base de fotocopias; ata xa lle tiñamos nome “*A Voz do Cucorno*”.

Todos os anos diciamos o mesmo, pero o voceiro non saía. Pasaron os anos e, nunha das primeiras reunións gastronómicas dos novos Camaweis, volveu a xurdir a idea dun noticiario. Pero, aínda que llelo poñía sinxelo, levando eu o traballo de coordinalo, tiñan que mandarme novas e ideas a poñer. Ao igual que antes, todo quedou nunha barrenada do momento, pero despois nada. Así foi que no mes de abril, en plena pandemia, coa revista AUNIOS rematada e sen saber se sairía, decido poñerme ao labor de sacar un minixornal sobre as anécdotas e historias de Ons, con algo de humor e seriedade. Pouco a pouco, foi enganchándome e xa van para 5 anos e 100 Onstopus. A ver ata cando dura.

### ALFOLÍ DE PONTEVEDRA – FARO DA ILLA DE ONS

(12/01/2025)

Non vou a entrar a falar sobre destrución do patrimonio arquitectónico de Pontevedra cidade, coído que xa se escribiu bastante sobre o tema. Tampouco sobre a perda da importante Arquitectura Popular Mariñeira de Ons; pero agora, temos en Pontevedra un **Alfolí** (lugar onde se almacenaba o sal que despois era distribuída aos barcos e ás diferentes fabricas de salga do litoral) o único que queda dos que había na Moureira, e que seguro, subministrou sal para a *Fabrica de Salga da Illa de Ons* do século XIX. Este alfolí, ata agora, logrou que a *piqueta* non o fixera desaparecer. Pero, parece ser, que lle chegou a hora, se é que Patrimonio, o Concello de Pontevedra e as persoas que aman a herdanza que lle deixaron os seus antepasados, non o evitan.

Por desgraza vemos, como pode a especulación por riba da nosa riqueza monumental e histórica.


Entre as moitas asociacións culturais e investigadores que están a solicitar que non desapareza este edificio singular da historia da Moureira e Pontevedra, hai quen xa lle busca alternativas como a de: “... *consideran como varios investigadores que el antiguo alfolí «sería uno de los edificios a incluir en un futuro <Museo da Historia e da Cultura Marítima do Atlántico>*”.

Quero comparalo co tema do **Faro de Ons**, agora xa automatizado e que en pouco quedará sen fareiros. Hai que evitar que dende a Autoridade Portuaria de Marín se lle busque algunha saída, que nada ten que ver coa que a maioría de persoas vinculadas con Ons e o seu Patrimonio Material e Inmaterial desexa, como é, a súa dedicación a **Espazo Cultural** que moi necesitado está o Parque Nacional das Illas Atlánticas para o seu funcionamento ACTIVO.

Sobre alternativas para este Faro, xa demos conta neste minixornal, nas revistas AUNIOS e OS GALOS e foron presentadas á Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra. Con respecto á alternativa que propoñemos, temos un bo número de apoios de asociacións, persoas vinculadas á cultura galega, veciños de Ons,..., e sinaturas.

Nestes intreos, o futuro do Faro de Ons, está en mans da Autoridade Portuaria, para que o dea en concesión a outros organismos para dedicalo a Espazo Cultural e á espera de que organismos como o *Parque Nacional*, principalmente, e a Consellería de Medio Ambiente como administradora das Illas do Parque, a Consellería de Cultura, Turismo, D. Xeral de Xuventude, Deputación de Pontevedra e Concello de Bueu, para dar alternativas culturais ao seu futuro.

**Fotos:** *Esquerda:* Alfolí da Galera. Pontevedra. Foto: Diario de Pontevedra. *Dereita:* Faro de Ons dende o Miradoiro de Fedorentos.



## SÁLVORA, DIARIO DE UN FARERO (13/01/2025)

No seu día (2017), saíu á luz este libro escrito polo que foi o último fareiro de Sálvora, Julio Vilches. Naquel intre, por diferentes circunstancias e aínda que me interesaba, non o merquei, e despois pasou o tempo e quedou sen incorporarse á miña/nosa biblioteca. Quen ía a dicirme que agora, case 8 anos despois, e por mor da incorporación do Faro de Ons ao automatismo, pronto, pola falla de fareiros, e despois de ler un artigo sobre como se atopaba ese Faro de Sálvora, que me puxen á súa procura e, aínda que xa estaba esgotado, Librería Miranda de Bueu, conseguímo. A carón de incorporalo á miña biblioteca, quería coñecer, de primeira man, como era a vida nun Faro, visto por un dos seus moradores durante máis de 30 anos.


Teño que dicir, que o devorei nun par de días, cando tiña un anaco de tempo. Aínda que nel atopei moitos nomes coñecidos, que teñen que ver con Ons como: os fareiros; Fernando, Ricardo e Jesús, o axudante de garda Emilio Peláez, as irmáns Quintáns, o patrón do Pragueiro, Luciano, ..., e que a súa lectura facíase amena polo meu interese, sen embargo, atopeino moi íntimo, familiar, ás veces, repetitivo, ..., e con falta de anécdotas sobre os miles de sucesos, circunstancias, aventuras, lances, ..., que

tiveron que vivir neses 30 anos de estancia. Nomea moitos detalles, pero só por riba e se propaga máis nas súas viaxes fora de Sálvora, as festas, ..., e na súa vida doméstica, que sendo interesante polo seu illamento, sen embargo faise monótona.

De todos os xeitos é un libro interesante do que podes sacar, como fixen eu, unha idea de como é a vida dun fareiro nunha illa solitaria, como son as relacións humanas nese espazo, as problemáticas que xorden para solucionar problemas domésticos e de convivencia, ..., e sobre todo, para o meu interese recente con respecto ao funcionamento do Faro de xeito automático, os centos de problemáticas, que estando alí, ao pé do canón, tiñan. As reparacións, dá a entender, que eran case constantes, cos temporais o Faro anegábase, a procura de pezas de reposto era complicada, ..., só a súa habilidade e busca de solucións puntuais e precarias, facía que o Faro seguira funcionando.

Conclusión: Que pasará agora que está automatizado? Quen solucionará unha avaria puntual no momento? ... E, sobre todo, polo que podemos intuír da lectura, como os responsables do Faro tiñano en tal mal estado?

A pregunta xorde: *Que pasará co Faro de Ons cando non haxa Fareiros que o coiden?*



### In Memoriam

Dende Ons, queremos facerlle unha pequena homenaxe a unha persoa meca, **Miguel Filgueira Leiro (O Grove)**, que foi considerado como: *“Un artista autodidacta, bailarín e icona do Grove, como así o líamos en Todogrove. No que tamén dicían: “... Persoa alegre e dicharachera, era imposible non sentirse atraído pola súa conversa e polo seu carisma ...Pero o baile foi a súa verdadeira paixón ao longo de toda a súa vida. Nas festas da patroa, nos bailes do Marino e, máis recentemente, nas sesións de tarde-noite na discoteca La Luna en San Vicente de Cerponzóns. Miguel foi o amo da pista, demostrando un estilo e unha enerxía que contaxiaban a todos ao seu arredor... Libre de ataduras e fiel ao seu espírito independente, Miguel sempre dicía: <Eu non son home de parella. Gústame vivir ó meu aire. Morrerei coma nacín. Libre>.*

O noso amigo e colaborador da revista **AUNIOS**, **Xosé Fuentes**, quixo dedicarlle estas palabras:

*“No alén, hai alegría. Miguel Filgueira xa está por alá. No aquén, un tempo de ausencia da harmonía, da elegancia. Unha persoa de todos que deixou no Grove, no seu pobo, ise agasallo inmaterial da dignidade.*

*Onde ti estás, hai quen non aprendeu a bailar. Esperábante, mestre.*

*Tes traballo, querido Miguel!!!”*

Rematar dicindo que o día do seu enterro, a agrupación **“Os Furrás”** fixéronlle unha homenaxe no cemiterio interpretando unha canción que foi dirixida ao acordeón por Antonio Folgadas.

*Fotos: Miguel Muñiz (Todogrove)*



## A ETNO-ARQUEOLOXÍA EN ONS E CÍES (18/01/2025)

Como xa temos comentado neste minixornal, a arqueoloxía en Ons comezou, dun xeito científico e técnico, hai 4 anos, despois de que moitas persoas pasaramos máis de 40 anos reivindicándoa. Os achados e as perspectivas de futuro son moi interesantes, por todo o que foi saíndo das escavacións realizadas en Ons.

O ano pasado comezaron unhas primeiras catas nas Cíes, que tamén deron uns resultados prometedores e hai que conseguir que, xunto coas de Ons, teñan continuidade neste 2025.

Sobre estas primeiras catas en Cíes, din conta en: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/95/onstopus-95.pdf>, e posteriormente no nº 97: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/97/onstopus-97.pdf>.

No nº 97 de Onstopus, na primeira páxina, que fai de portada, puxen unha foto da GEAAT, que me facilitou Parques, onde se vían un par de pedras cun suco central atopadas nas escavacións de Cíes. Nun primeiro momento non lle din importancia porque pensei que se trataban das pedras que se utilizaban nas rañas para a pesca do polbo, pero, despois de publicado ese número, o catedrático e historiador Fernando Alonso Romero, preguntoume por elas.

Comentoume que: *“Me parece que son dos pesos de redes, pero no estoy seguro pues también una de ellas podría ser un pitambón, que antiguamente los pescadores solían utilizar para producir el balo, y golpear el agua del mar para dirigir la pesca en la dirección que querían”*.

A pregunta deixoume un pouco sorprendido pola miña inxenuidade ao confundilas coas pedras da raña, e comecei a investigar, tanto sobre elas como sobre o coñecido, segundo Alonso Romero, como Pitambón, pois tamén el se interesou por saber se en Ons se empregou e como era o seu nome.

Sobre as pedras da foto, no cabía a menor dúbida que se trataban de pesos de redes que, como comentou o arqueólogo Adolfo Fernández, responsable das escavacións de Ons e Cíes, xa se utilizaban en tempos moi pretéritos.

Dos resultados das mínimas pescudas que puideron facer sobre as pedras utilizadas para o “abalo” ou “balo”, deu como resultado que pedras de diferentes tamaños foron utilizados, a través do tempo, para diferentes aparellos de pesca.

En Ons poderíamolos atopar nas **rañas** para a pesca do polbo. Nas **estroncas**, para recuperar as rañas que quedaban asidas no fondo. Nas **poutadas**, áncoras de madeira con pedra para fondear embarcacións. Nalgún tipo de **nasas de madeira** para que fosen ao fondo. ... E tamén para os **pitambóns**, que segundo o dicionario galego, din que: *«É unha pedra que se emprega para a arte do trabuquete para facer que os peixes se movan»*.

Preguntamos ao auniense Cesáreo, un dos mellores mariñeiros que deu esta illa de Ons, sobre ese aparello, pitambón, e comunicounos que en Ons e, posiblemente, pola zona da ría de Arousa, se lle coñece co nome de **Pandullo**, e que se utilizaba para a pesca do robalo e sargo polo método do abalo, que consistía en golpear con ela o mar para levar aos peixes cara a rede que tiñan xa larga.

Queda este asunto aclarado, pero o peor é que, cuestións tan interesantes como esta, e que en Ons teñen unha grande importancia para o seu rico **Patrimonio Material e Inmaterial** (Etnografía), estean sen investigar co perigo que, como vimos denunciando e reivindicando dende hai case 50 anos, en nada, perderémolo para sempre.

Nas mans dos responsables do Parque e das Conselleiras de Cultura e Medio Ambiente, así como do concello de Bueu, está o promover e patrocinar investigacións etnográficas co fin de salvagardar este patrimonio tan interesante, dalo a coñecer e protexelo para que as xeracións futuras coñezan a súa etno-historia.



Pesas de rede, atopadas nas escavacións das Cíes 2024.



Raña para a pesca do polbo




Poutada, áncora primitiva



Á dereita, a estronca, rodeada en vermello. A esquerda outra poutada.

Pandullo empregado na Illa de Ons para o abalo.



Á esquerda, a primeira folla do traballo: *“Breve estudio arqueológico de las Islas Cíes”*. Escrito por José Luis Cardero López, con abundante soporte gráfico (debuxos) de asas, bordes e fragmentos de vaixela, gravados en pedra, mapas de situación, altares,...., interesante.

## AXUDAS DA XUNTA PARA O <FERMOSISMO> (20/01/2025)

Cando isto escribo, segundo a Xunta, ponse en marcha a oportunidade de solicitar estas axudas, din que, para mellorar a imaxe exterior de vivendas, edificios municipais e elementos etnográficos.

Este tema xa o comentei no nº 95 de Onstopus, onde resaltaba como a propia Xunta de Galicia, en Ons, promociona o **FEISMO** e logo dá axudas para arraxalo co **FERMOSISMO**.

O exemplo claro témolo no barrio de Pereiró (Ons) onde os técnicos da Xunta, en vez de buscar un lugar adecuado para poñer os contadores da luz e auga, puxéronos sobre a fachada das casas aunienses provocando un impacto urbanístico e paisaxístico fóra do normal. Tanto é así, que estou seguro, que si o fixeran os propios veciños, xa tiñan enriba a denuncia correspondente. Pero nin Parques nin o concello de Bueu, vixían para que estas cousas non ocorran, e despois se inventan subvencións para que o veciño, sen culpa algunha, as solucione.

Aínda así, os veciños, neste caso do barrio de Pereiró, deberían, coa axuda da AA.VV, solicitalas para, intentar buscar unha solución adecuada a esa mala actuación dos técnicos da Xunta, e que esas casas aunienses, que son parte dunha magnífica Arquitectura Mariñeira, non teñan ese impacto inadecuado.



Enriba: o Cartel da Xunta, promocionando as axudas  
Abaixo: O feísmo provocado pola Xunta

### Plazo XUNTA DE GALICIA

Plazo de presentación: ABIERTO

20/01/2025 00:00 - 20/02/2025 23:59

El plazo de presentación de solicitudes será de un (1) mes y se iniciará en 7 días hábiles contados a partir del día siguiente al de la publicación de esta resolución en el Diario Oficial de Galicia. Se entenderá como último día del plazo el correspondiente al mismo ordinal del día en el que se inicie la presentación de solicitudes. Si el último día del plazo fuera inhábil, se entenderá prorrogado al primer día hábil siguiente y, si en el mes de vencimiento no hay día equivalente al de la publicación, se entenderá que el plazo finaliza el último día del mes.

### ÚNETE AL FERMOSISMO

## DOCUMENTAL “A ÚLTIMA DORNA DE ONS”

(20/01/2025)

O día 25 de xaneiro, ás 12 h., no Museo do Pobo Galego (Santiago) proxectarase o documental de Anxo Cabada e Antón Davila sobre a Illa de Ons, a dorna e a pesca tradicional do polbo. Sobre el, di Anxo Cabada, na súa páxina de Facebook: “O vindeiro sábado 25, ás 12 h no Museo do Pobo Galego, en Compostela, teremos a oportunidade de ver o documental “A última dorna de Ons”, co seu protagonista Cesáreo, o mariñeiro que nunca abandonou a illa, e que atesoura toda a cultura dunha vida rente ó mar. Na dorna medrou, e agora con oitenta anos, mantén a última dorna da illa, a dorna “Carmen”. “O documental é en branco e negro dura case 30 min, e ten como protagonistas a dez illáns, a Cesáreo, a tres escritores, a dorna “Carmen”, a Illa de Ons, e tamén a Tinón Pardellas que ven sendo a alma da loita para non esquecer a cultura inmaterial da illa”.

Quero aproveitar esta nova proxección, da que xa deben ir 6 ou 7 por diferentes puntos da xeografía pontevedresa e sabemos que ten peticións doutros puntos da costa galega, para reivindicar de novo, que todos os Proxectos que subvenciona Parques, sexan presentados ao público, como mínimo, unha vez no Centro de Visitantes central de Vigo e, a poder ser, nos diferentes Centros radicados nas illas sobre as que se traballou no proxecto.

Fotos de Anxo Cabada



# POR UN PARQUE NACIONAL ACTIVO, TODO O ANO

## PARQUE NACIONAL ACTIVO

Estamos xa a rematar o mes de xaneiro e, como xa teño explicado, este mes sería o ideal para que os xestores do Parque, que xa deberían ter programadas as posibles actividades a realizar no Centro de Interpretación central e nas illas durante os meses de inverno e primavera, as dean a coñecer para que a cidadanía que queira participar, vaia facendo os seus plans.

Teño que dicir que durante as pasadas vacacións de Nadal, houbo unha interesante programación de actividades no C.V. do Parque en Vigo. Unhas cunha asistencia de público aceptable e outras con algo menos, quizais pola falla de publicitalas e promocionalas polos medios de comunicación, aproveitando o tirón de asistencia a Vigo por mor das luces.

É importante a divulgación destas actividades para unha maior participación e, sobre todo, para unha maior información sobre o Parque Nacional.

**Programación de Nadal**  
PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

**21** DECEMBRO  
Adornos de Nadal con material de reciclaxe.  
Pásate polo centro de visitantes e fai ti mesmo/a un adorno de nadal.  
De 4 a 99 anos. Horario: entre 11:00 h e 13:00 h.  
Número de participantes: sen límite. Nenás/os acompañados dunha persoa adulta.

**23** DECEMBRO  
Contacantos "Os nosos mares" e xogos temáticos  
De 5 a 12 anos. Horario: de 12:00 h a 12:50 h. Realiza: Muxilloa Coop.  
Número de participantes: 25 nenás/os acompañados dunha persoa adulta (máx. 4 part por adulto/a). Entrada libre ata completar aforo.

**26** DECEMBRO  
Xogos mariños  
De 4 a 10 anos. Horario: de 12:00 h a 13:00 h.  
Número de participantes: 12 nenás/os acompañados dunha persoa adulta (máx. 4 part por adulto/a). Entrada libre ata completar aforo.

**26** DECEMBRO  
Obradoiro de estampación herbácea en tea  
De 4 a 12 anos. Horario: de 17:00 h a 18:30 h. Realiza: Xarunma Assoc.  
Número de participantes: 15 nenás/os acompañados dunha persoa adulta (máx. 4 part por adulto/a). Con inscrición previa.

**27** DECEMBRO  
Detectives da praia  
De 4 a 12 anos. Horario: de 12:00 h a 13:00 h.  
Número de participantes: 12 nenás/os acompañados dunha persoa adulta (máx. 4 part por adulto/a).

**2** XANEIRO  
Contacantos "Perigo no fondo do mar"  
A partir dos 3 anos. Horario: de 17:00 h a 18:00 h. Realiza: Contacantos.  
Número de participantes: 25 nenás/os acompañados dunha persoa adulta (máx. 4 part por adulto/a).

**3** XANEIRO  
Obradoiro de papel reciclado e caderno feito a man  
De 4 a 12 anos. Horario: 17:00h a 18:30h. Realiza: Xarunma Assoc.  
Número de participantes: 15 nenás/os acompañados dunha persoa adulta (máx. 4 part por adulto/a). Con inscrición previa.

Máis información e inscricións:  
Centro de Visitantes do Parque Nacional  
Rúa Palma 4, 34202 Vigo

XUNTA DE GALICIA



## ACTIVIDADES DE INVERNO-PRIMAVERA

Esperemos que este ano, a carón das actividades que programan todos os invernos, sobre todo, as excursións ás diferentes illas, estas poidan ser mellor aproveitadas ampliando o número de participantes, que normalmente é de 25, e pase a un mínimo de 50 e a un máximo de 75, podendo facer tres grupos de 25, cada un cun/ha guía e compaxinar os percorridos entre eles, mentres uns van a un lugar outros a outro, e despois cambiar.

Támén interesante é que estes percorridos, a carón de dar a coñecer as singularidades xerais de Ons, teñan un programa específico: Arqueolóxico, etnográfico, astronómico, coñecemento da fauna ou da flora, micolóxico,..., con persoal especialista en cada campo, que provocará un maior interese en participación, podendo asistir persoas, que aínda coñecendo a illa, estean interesadas na materia que se vaia tratar.

Importante, aproveitar o Centro de Visitantes de cada illa para visitas guiadas por grupo e para charlas, visualizacións de vídeos, documentais,..

## IMPORTANTE A FIGURA DUN/HA DINAMIZADOR/ORA

Anos xa levamos solicitando á Consellería de M. Ambiente un novo xeito de traballo no Parque, onde a figura dun/s *dinamizador/es/oras* é clave para a organización, programación, toma de contacto,..., e que este, xunto cos guías oficiais e todo coordinado polo Director/ora do Parque provoque un movemento estimulador que actuará positivamente en *actividade* para o Parque. É importante que estes animadores estean en contacto cos organismos que teñen competencias no Parque, cos concellos, coas diferentes Consellerías que poden aportar labores e eficacia para provocar entusiasmo e iniciativas, con personalidades do mundo da cultura, con investigadores, coa universidade nas súas diferentes especialidades,..., con arquivos, bibliotecas, padroados,..., con asociacións, centros culturais,..., cos veciños nas illas que están habitadas,..., en definitiva que sexa quen de organizar actividades contando con todo aquilo que pode aportar coñecemento, ilustración, progreso, prosperidade,..., e protección, para que a visita ás illas do Parque Nacional Illas Atlánticas sexa algo atractivo, cativador, que esperte interese, estímulo, fascinación,..., ás persoas que decidan visitalo.



Actividades micolóxicas, observación de aves, charlas e visitas arqueolóxicas, coñecemento da flora, análise da arquitectura popular, diferentes aspectos etnográficos,..., un mundo para programar actividade.

Como xa teño explicado, e por desgraza seguirei facéndoo para que non se perda a parte etnográfica da Illa de Ons, pois a súa etnografía e antropoloxía, están sen estudar e investigar por persoas cualificadas e dun xeito técnico e científico.

Como xa comentaba no nº 98, páxs. 6 e 7, de Onstopus:

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/98/onstopus-98.pdf>

a importante cultura popular auniense, neste intre, polo menos que eu saiba, só ten un investigador, cualificado, o filólogo José Manuel Dopazo Entenza que si está realizando un importantísimo traballo de campo cos/as aunienses de máis idade para obter o maior número de datos sobre esa cultura que está a piques de desaparecer.

Comezou investigando sobre a *Fala de Ons*, por mor da especialidade que estaba a estudar. Debido ás súas pescudas, ten un bo número de publicacións e mesmo a súa tese doutoral. Sobre este tema, PineirÓns ten a honra de contar cos importantes artigos del, e outros vinculados coa etnografía auniense, publicados na revista cultural *AUNIOS* dende o número 18 ata o 29. <http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indiceAutores.htm>. Pódese consultar neste enlace en Dopazo Entenza, José Manuel.



Dopazo, recibindo da AA.VV de Ons, durante as Festas de San Xaquín 2023, a homenaxe da veciñanza pola súa dedicación á investigación da cultura auniense.

## CHARLA - COLOQUIO

### *Coma na Illa en ninkún lado* Recuperación do Entroido na Illa de Ons

José Manuel Dopazo Entenza

**CENTRO SOCIAL DO MAR**  
(Rúa de Montero Ríos S/N, Bueu)  
Sábado, 25 de xaneiro de 2025  
ás 12.00h

Fotografía: Staffan Mörling



Asociación de  
Veciños e Amigos  
da Illa de Ons

## RECUPERAR O ENTROIDO EN ONS

“Ao iniciar no 2010 unha serie de gravacións para un traballo de investigación lingüística, dirixido por Francisco Fernández Rei, o filólogo José Manuel Dopazo Entenza topábase co singular Entroido da Illa de Ons, que se perdía alá polo ano 1975. E, pouco a pouco, foi iniciando unha investigación e descubrindo as súas figuras centrais e algúns dos seus rituais” (osil.info).

Segundo as súas palabras: “Decateime de que tiña moito material sobre o Entroido da Illa de Ons”. “Son xa 5 anos de investigación, principalmente falando cos maiores, tratando de descubrir como era a festa en Ons”.

En <osil.info> comenta:

“Agora estanse dando pasos de cara á recuperación deste Entroido. E, nese marco, Dopazo compartirá os resultados da súa investigación nunha charla-coloquio prevista para o vindeiro 25 de xaneiro ás 12h. no Centro Social do Mar en Bueu. O seu relatorio levará por título “Coma na Illa en ninkún lado”.

Coido que é unha iniciativa moi interesante de cara á recuperación, non só do entroido auniense, senón para que sirva para incentivar ao estudo e investigación sobre a cultura deste arquipélago, por certo, importantísima.

Espero que esta interesante iniciativa teña un respaldo da veciñanza auniense. Polo de pronto, xa o obtivo da Asociación Veciñal e do Concello de Bueu. Esperemos que tamén a teña da dirección do Parque Nacional, dando o permiso para a celebración e poñendo á súa disposición a infraestrutura necesaria para levala a cabo.

Tamén, todo hai que dicilo, os meus parabéns para o Concello de Bueu, que igual que se lle critica cando vemos que hai deixamento con respecto a Ons, que é parte do seu municipio, tamén darlle o aplauso cando se compromete con esta illa, como é o caso actual, de apoiar a celebración do Entroido en Ons e esixir a formación da Mesa por Ons.

# FARO DE ONS

## SOLICITAMOS PARA O FARO DE ONS

Que se converta nun Espazo Cultural cando, xa automatizado, non teña Fareiros. Como suxestión e alternativa, propoñemos que se habilite como **MUSEO** sobre Os *Faros, Fareiros e Naufraxios*, contando cunha *Biblioteca* con sala de estudo, investigación e traballo. Tamén propuxeron, pola súa situación privilexiada, que pode ser un lugar ideal como

**OBSERVATORIO ASTRONÓMICO**

